

MESA SECTORIAL**10/03/2026 : CONCURSO****DIRECCIONS**

Na reunión da Mesa Sectorial de Educación celebrada no día de hoxe comenzamos por examinar o borrador da Orde pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A este respecto facemos as seguintes consideracións xerais previas:

1. Elección democrática da dirección

UGT-SP defende que sexan os órganos propios dos centros (Claustro e Consello Escolar) quen decidan quen debe exercer a dirección. O Consello Escolar, como máximo órgano de representación da comunidade educativa, debe ter a capacidade de elixir a Dirección do centro.

A Orde debe aplicarse á totalidade dos centros públicos, incluídos os CIFP, evitando nomeamentos “a dedo” que ignoran a vontade da comunidade educativa.

2. Requisitos de formación directiva (Art. 2)

- **O curso de formación directiva non debe ser un requisito previo, senón que debe poder realizarse despois do nomeamento, tal e como permite a LOMLOE (art. 135.6) e como xa ocorre nos nomeamentos accidentais propostos pola Inspección.**
 - **Deben quedar exentas tamén as persoas que exerceron durante polo menos catro anos calquera cargo do equipo directivo, non só a dirección.**
 - **Deben incluírse como aspirantes:**
 - **Docentes en comisión de servizos noutra comunidade autónoma.**
 - **Docentes en praza no estranxeiro no seu último ano que reingresen en Galicia.**
-



3. Acceso aos proxectos de dirección (Art. 3)

- O proxecto debe estar dispoñible para Claustro e Consello Escolar durante todo o horario de apertura do centro, garantindo o acceso dentro das horas de permanencia e tamén fóra do horario lectivo.
-

4. Comisión de selección (Art. 5)

- A sede da comisión debe ser o centro educativo, ou, cando menos, ser elixida democraticamente pola propia comisión, non por decisión unilateral da Administración.
 - A presidencia da comisión debe ser elixida democraticamente polos seus membros, excluindo o voto do alumnado.
-

5. Procedemento de avaliación (Art. 7)

- A cualificación debe ser por escrito e secreta, evitando presións ou prácticas como emitir notas en voz alta.
-

6. Nomeamentos extraordinarios (Art. 11)

- Os nomeamentos extraordinarios deben ter unha duración máxima de un curso escolar, non dous.
 - Debe contemplarse a posibilidade de convocar un novo proceso ao cabo dun curso se xorden candidaturas e a persoa nomeada expresa vontade de non continuar.
-

7. Baixas, permisos e direccións accidentais

- Debe regularse unha solución para as baixas prolongadas de direccións e membros de equipos directivos, establecendo nomeamentos accidentais con recoñecemento económico e administrativo.
 - En centros unitarios deben contemplarse medidas específicas para garantir o dereito a permisos, licenzas e baixas de curta duración.
 - Dos 142 centros con praza vacante de dirección computanse 54 que tiveron direccións accidentais e que volven ao listado despois de dous anos. A falta de persoas dispostas a asumir direccións require melloras nas condicións e incentivos que fagan atractivo o cargo.
-



8. Baremo de méritos

8.1. Experiencia directiva (2.1)

- Deben recoñecerse os servizos prestados como responsables de centros de menos de tres unidades, xa que realizan as mesmas funcións que outras direccións.

8.2. Postos na Administración educativa (2.3)

- O peso asignado ao desempeño de subdireccións ou xefaturas de servizo é desproporcionado e non se axusta á realidade dos centros.
Propónse a súa eliminación ou redución a 0,1 puntos.

8.3. Formación

- Deben valorarse tamén os cursos relacionados coa prevención de riscos laborais, fundamentais para a xestión dun centro.

ADMON:

Non aceptan as propostas , alegando que non se axustan a normativa estatal.

6. OUTROS ASUNTOS TRATADOS NA MESA SECTORIAL

6.1. Pedimos información sobre a situación das obras do CIFP Manuel Antonio.

6.2. Pedimos a actualización da Orde de Licencias e Permisos.

6.3. Pedimos actualización dos ROCs.

